

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DA CUBERTA DO CENTRO DE SAÚDE DE CARBALLEDA DE AVIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 4 de setembro 2025, co Concello de Carballeda de Avia o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2025

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Carballeda de Avia para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde de Carballeda de Avia, de titularidade municipal.

As obras de reforma que se pretenden executar teñen por finalidade a substitución da cuberta do centro de saúde, e consistirán en:

A substitución da cuberta actual do centro de saúde con tellas cerámicas, garantindo a durabilidade, o illamento térmico e acústico, creando un ambiente interior máis comfortable.

Asentaranse sobre placas de fibrocemento de onda grande curva, instaladas baixo a normativa NTE-QTF, asegurando unha estrutura robusta e estanca fronte ás inclemencias. O enlistonado de madeira de castiñeiro, resistente á humidade, optimiza a ventilación e prolonga a vida útil da cuberta.

Finalmente, a protección anti-mosquitos é un engadido crucial para a hixiene e o benestar do centro, mantendo unha contorna saudable. Estas melloras combinadas non só modernizan o edificio, senón que elevan significativamente a calidade, seguridade e confort do centro de saúde para os próximos anos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica

responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, o artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer a substitución da cuberta do centro de saúde de Carballeda de Avia.

Tal e como se pon de manifesto no informe técnico, elaborado pola arquitecto municipal do Concello de 19 maio de 2025, así como o informe positivo elaborado polo Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Servizo Galego de Saúde, de data 1 de xullo do presente ano, as obras de rehabilitación da cuberta do centro de saúde de Carballeda de Avia están plenamente xustificadas para garantir a seguridade do edificio e require da substitución do material de cubrición, que se foi deteriorando co paso do tempo.

O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrència pública.

A subvención que se outorga a través deste convenio incardínase dentro do obxectivo estratéxico 01.04.05, *“Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxicamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente”*, previsto no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta en data 10.03.2022.

Conscientes da dita necesidade, as partes intervinientes acordan unir os seus esforzos para



acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

